

SAN ANTÓN (13 DE XUÑO)



A festa tradicional que conmemora a San Antón leva séculos celebrándose. A orixe da celebración popular en Monforte segundo algunhas fontes foi un milagre que S. Antón fixo no mosteiro das Clarisas de Monforte de Lemos.

Di a lenda que a unha das monxas do convento caéronselle accidentalmente unhas gafas e un chaveiro no pozo do



xardín; a xente traballou duramente durante varios días pero non puideron sacalos. Unha das monxas atou unha figuriña do santo ao final dunha corda; despois tirouna ao fondo do pozo. Ao cabo duns días a figuriña apareceu cos obxectos perdidos. Desde entón, San Antón foi venerado en todo Monforte.

O 13 de xuño é unha data especial no convento e para os veciños, e fanse grandes celebracións para honrar o santo.

Hoxe en día as festas consisten en xogos para os nenos na rúa, moitas bandas de música, atraccións, feiras...

